

Editorial

O vindeiro ano 2020 cumpriranse 30 anos da publicación da revista Croa, que naceu como Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, con pretensións, segundo consta no editorial do seu primeiro número, “informativas e divulgativas” e dirixida a un público cada vez máis interesado en coñecer e conservar o patrimonio cultural.

No ano 2006 o Museo asume a edición da revista co financiamento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que colle o facho da Asociación de Amigos.

Co paso do tempo, a revista foi crescendo en contidos, incluíndo estudos de varias disciplinas que a converteron nunha revista miscelánea na que tiveron cabida tanto as actividades da asociación como as do propio museo, así como artigos de divulgación e investigación sobre historia, arqueoloxía, etnografía, antropoloxía, arte e museoloxía, converténdose nun órgano de difusión cultural e de expresión científica do museo e da comarca da Terra Chá e incluso de Lugo e a súa provincia.

De cara ó futuro, pretendemos volver facer fincapé naqueles temas máis directamente relacionados co ámbito do museo, é dicir coa arqueoloxía castrexa, romana e altomedieval, así como con aqueles temas colaterais, tales como xeoloxía, paleobotánica, etnografía, etc., que permiten interpretar, comprender e situar no seu contexto o castro de Viladonga, sen esquecer outros estudos sobre museoloxía e museografía que permitan avanzar na exposición e difusión así como na conservación e restauración dos achados arqueolóxicos.

Neste número 29 non se fai referencia das actividades do museo e da Asociación de Amigos xa que as dúas entidades dispoñen de páxinas web nas que se presentan estas informacións con máis inmediatez e axilidade.